

PROGRAMACIÓN EDLG

**IES URBANO LUGRÍS
MALPICA DE BERGANTIÑOS
CURSO 2022 - 2023**

ÍNDICE

- 1. Introducción**
- 2. Referencias legais**
- 3. Equipo de dinamización da lingua galega**
- 4. Programación**
 - 4.1. Situación Sociolingüística do centro**
 - 4.2. Medidas e obxectivos de apoio e reforzo adoptados para o correcto uso lingüístico escolar e educativo**
- 5. Actividades para a dinamización da lingua galega**
 - 5.1. Internas**
 - 5.2. De dinamización sociolingüística**
- 6. Avaliación**
- 7. Contribución co plan lector**
- 8. Presenza das TIC**

1. INTRODUCCIÓN

O ámbito educativo constitúe unha institución clave nos procesos de produción e de reprodución dos grupos lingüísticos. No caso galego, a repercusión da escola na intervención sociolingüística está constatada historicamente, e non sempre para ben. De feito, mesmo no período democrático, hai datos suficientes para considerar a institución escolar como unha axencia desgaleguizadora; dunha banda, en moitos casos supuxo un freo extraordinario ao proceso de mantemento da lingua galega (reprodución); doutra banda, non tivo capacidade para constituírse como o espazo de recuperación de novos falantes (produción). Con todo, non se pode pasar por alto o importante papel, desde a restauración da democracia, que a educación desempeñou na ampliación do coñecemento formal da lingua galega, sobre todo no caso das destrezas escritas.

O feito de que, desde 1981, Galicia tivese transferidas as competencias educativas non foi suficiente para fortalecer a transmisión lingüística interxeracional. Lexitimouse o uso do galego, pero non se artellou un escenario tendente a prestixiar socialmente a lingua. Unha lingua tenderá a desenvolver mais ou menos prestixio na medida en que a súa aprendizaxe e a súa practica teña un valor funcional na estrutura social. A ausencia de prestixio lingüístico contribuirá á desmotivación cara á aprendizaxe e cara ao uso dunha determinada lingua, propiciando unha reducida produción e reprodución lingüística. Pola súa parte, unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará conciencias, esforzos e investimentos individuais.

En Galicia, durante décadas, ese valor foille atribuído exclusivamente ao castelán. Os centros educativos tiveron moito que ver nese proceso de construción do prestixio social das linguas en competición. Para corrixir esta tendencia desgaleguizadora do sistema educativo, precísase dun proxecto do uso do galego con obxectivos e actividades dedicados ao fomento da nosa lingua sendo consecuentes coa realidade sociolingüística do noso país. E será que trataremos de facer neste centro coa colaboración de familias, alumnado, profesorado, o persoal de administración e servizos e mais con diferentes entidades locais e próximas: ANPA Orxeira, Concello de Malpica, Asociación Visibles, Fundación Eduardo Pondal, CEIP O Milladoiro, Biblioteca Pública Municipal de Malpica...

2. REFERENCIAS LEGAIS

A lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán, así como que o galego, como lingua propia de Galicia, e lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (art. 12).

Tamén o artigo 14 establece expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo encomendáselles ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado debe coñecer esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo Goberno español en 2001, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Mais recentemente contamos co Decreto 79/2010, do 25 de maio, para o plurilingüísimo no ensino universitario de Galicia e, finalmente, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e actualmente co desenvolvemento do currículo da LOMLOE, onde se incide na necesidade do tratamento integrado de linguas (TIL) e no desenvolvemento das competencias lingüísticas a través de metodoloxías activas e vinculadas ao cotián.

Por todo o anterior xorde a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos, e isto é o que pretende o grupo de dinamización do IES URBANO LUGRÍS DE MALPICA.

3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O EDLG do IES URBANO LUGRÍS de MALPICA esta constituído por boa parte do profesorado, que intentará colaborar na medida das súas posibilidades nas diferentes accións que se leven a cabo, como PAS contamos co administrativo e o alumnado que referimos, aínda que non se descarta ir sumando ao longo do curso:

- Rocío Romar Roel (Profesora de Lingua Galega e Literatura e **coordinadora** do EDLG)
- Carla Andrade Rama (Profesora de Xeografía e Historia, Valores éticos e XE)
- Laura Añón Pérez (Profesora de Bioloxía)
- Noelia Cives Soneira (Profesora de Lingua castelá e Literatura e coordinadora de Extraescolares)
- Luz Cures Vázquez (Profesora de Lingua galega e Literatura)
- Víctor Hugo Devesa Rarís (Persoal non docente, administrativo)
- Miguel Ángel Díaz Salgueiro (Profesor de Plástica)
- Alba Lorenzo Ribadas (Profesora de Física e Química)
- Carina Pereira Silveira (Profesora de Matemáticas)
- Antón Varela Varela (Profesor de Tecnoloxía)
- **Alumnado de 1º ESO** (Pablo Varela Añón, Alejandro Pose Vila, Antía Cousillas Antelo, María Rellán Mato e Laura Garrido Arcay), **2º ESO** (Mariña Díaz, Carla Trigo, Sara Trigo, Saray Veiga, Estrella Ramos, Mireia Couto, Sabina Mimbreira), **3º ESO** (Brais Pombo, Eva Blanco, Noa Varela) e **4º ESO** (Rubén Fernández, Marcos Señorís, Pablo Pose, Patricia Arcay)
- **ANPA** Orxeira

4. PROGRAMACIÓN DO EDLG

4.1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A situación sociolingüística do centro está determinada por un estudo pormenorizado realizado hai varios anos que determinou a situación real do uso lingüístico no centro. O seu obxectivo era definir o uso do galego no contexto sociolingüístico que rodea o centro, na situación do profesorado e na situación do alumnado. Deste estudo extraéronse as seguintes conclusións:

- O contorno sociocultural do centro é, maioritariamente, galegofalante, polo menos no referido ás relacións familiares e coloquiais, e en parte tamén en relacións máis formais, como se desprende dos distintos contactos establecidos con familias e outros axentes locais. As familias empregan o galego tamén nas situacións que se lle dan na súa propia contorna no día a día (traballo, relación coa veciñanza, coa administración...). A situación de diglosia non adoita darse, aínda que si se aprecia unha paulatina perda de transmisión interxeracional, cada vez nos grupos que entran novos hai máis rapaces e rapazas castelanfalantes conscientes e que tamén mostran certos prexuízos cara a lingua.
- Entre o profesorado existe un uso destacable do galego, cando menos no exercicio do traballo no centro educativo. Ao mesmo tempo todo o profesorado considera estar perfectamente capacitado para empregar o galego na súa actividade docente e xeralmente amosa unha boa disposición a facer un uso activo da lingua. É importante destacar a opinión da maioría do persoal docente en relación coa consideración de que a adquisición de dúas (ou mais) linguas enriquece o noso alumnado: a resposta do profesorado adoita ser unánime neste sentido. A conclusión a que podemos chegar despois da análise de todos estes datos e que a actitude do profesorado con respecto a lingua galega é positiva en todos os sentidos máis, como a particularidade do centro é dun cadro de persoal inestable, non sempre podemos inferir as mesmas conclusións. De feito, algúns anos a lingua galega é a lingua vehicular da maioría das relacións e do día a día (fóra do estritamente estipulado polo horario docente) e outros anos conflúen profesoras e profesores castelanfalantes que non mudan a súa lingua para relacionárense co alumnado (gardas de patios, contexto informal de garda e custodia, saídas escolares, etc.).
- O uso do galego entre o alumnado é maioritario, tanto como lingua de comunicación familiar (unha porcentaxe moi alta considéraa a súa lingua nai) e de relación social, como nas interaccións comunicativas con outros elementos da comunidade educativa (profesorado, persoal de administración e servizos, equipo directivo..); e a maioría indica que a lingua empregada habitualmente no centro educativo é o galego. É significativo o feito de que a maioría do alumnado considere que aprender dúas ou máis linguas é tamén enriquecedor pero ao mesmo tempo mostre a

súa indiferenza cando se lle propón a posibilidade de recibir máis clases en galego.

Polo tanto, aínda que a situación no noso centro aínda non convida ao pesimismo, pois é a lingua ambiental e no concello existe unha extensa rede cultural que emprega o galego (nomeadamente o asociacionismo que promove a recuperación de festas tradicionais, música, baile, oficios, etc.), a actuación deste Equipo de Dinamización Lingüística debe encamiñarse cara a unha potenciación do galego como lingua de cultura, prestixiando o seu uso en ámbitos que quedan fora de comunicación puramente coloquial, e dinamizando o seu uso no centro en todas as situación de intercambio comunicativo e cultural que se poidan dar. Xa que logo, este curso intentarase incidir máis que nada en levar o galego ao uso formal, a ámbitos en que queda relegado: contextos diglósicos do seu día a día e situacións que requiren de ir un paso máis alá na escolla lingüística, sempre partindo do seu contexto e das súas raíces xa asentadas.

4.2. MEDIDAS E OBXECTIVOS DE APOIO E REFORZO ADOPTADAS PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

A continuación presentamos as diferentes medidas que o Equipo de Dinamización, en colaboración co resto da comunidade educativa, levará a cabo para potenciar e reforzar o correcto uso da lingua galega no ámbito escolar e educativo. Tamén se presentan os obxectivos que se pretenden alcanzar.

4.2.1. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Establecer vínculos e relacións de cooperación cos axentes socioculturais do concello, especialmente coa propia institución do Concello, cos outros centros educativos e con calquera asociación cultural, económica ou de calquera outro tipo coa que sexa interesante manter este tipo de relacións que redunden na dinamización da lingua galega.
- Dinamizar o noso IES cara ao exterior dando a coñecer o traballo do Equipo, especialmente o do alumnado, de maneira que se recoñeza o seu esforzo e dedicación.
- Amosar a toda a comunidade educativa elementos caracterizadores da cultura galega.
- Fomentar e contribuír á difusión de materiais en lingua galega, nomeadamente participar na difusión de contido en RRSS sempre ao nivel en que nos manexamos (a maioría do alumnado é menor de 16 anos, polo que non pode xestionar RRSS).
- Mostrar a idoneidade do noso idioma para calquera uso, superando progresivamente esquemas diglósicos, e facendo da lingua galega o vehículo natural e cotián de comunicación.

4.2.2. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Informar das actividades de formación e potenciación da lingua galega dirixidas ao profesorado.
- Facilitar o coñecemento da lingua galega nas diferentes materias e posibilitando a creación dunha terminoloxía axeitada para o proceso de ensinanza - aprendizaxe.
- Facilitar a adquisición de material curricular e pedagóxico en galego para todas as áreas, e promover o seu uso.
- Concienciar o profesorado dos valores positivos da nosa lingua e animalo no emprego da lingua galega tanto na escrita como na oralidade máis alá das súas horas de aulas.
- Tentar implicar o profesorado na organización e desenvolvemento das actividades do equipo.

4.2.3. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DO ALUMNADO

- Concienciar o alumnado do dereito a empregar a súa lingua en todos os ámbitos desbotando falsos prexuízos sobre a non idoneidade desta fóra do contexto familiar.
- Fomentar a visión e o sentir da lingua galega como sinal de identidade.
- Consolidar entre o alumnado o uso do galego como lingua de cultura e comunicación social, como seguinte paso ao seu uso como lingua vehicular, xa establecido e asentado na gran maioría dos alumnos e alumnas.
- Concienciar o alumnado da importancia de preservar tradicións galegas así como converterse en activos transmisores delas. Valorizar o alumnado que participa activamente nas diferentes asociacións culturais e animalos a mostrar o seu esforzo ante a comunidade escolar.
- Converter o alumnado en protagonista das actividades organizadas e promovidas polo EDLG tentando motivar a súa capacidade imaxinativa e participativa.
- Involucrar os alumnos e as alumnas como axentes activos do proceso dinamizador da lingua galega no centro e no exterior.
- Animar a lectura e a familiarización con novo vocabulario dunha maneira lúdica. A nosa bitácora (palabrasnaarea.blogspot.com) servirá de plataforma para a divulgación de cancións, vocabulario, xogos e calquera outra iniciativa que consideremos de interese.
- Achegar ao alumnado a figura da autora homenaxeada o día das Letras Galegas, así como doutros persoeiros destacados da cultura galega e promover o achegamento a algunha das figuras locais de interese que poida realizar algún obradoiro, charla ou encontro co alumnado.
- Concienciar o alumnado da importancia de preservar a súa lingua mediante o seu uso oral e escrito en todos os contextos da súa vida cotiá persoal e profesional.

4.2.4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Potenciar o uso da lingua galega en todas as situacións académicas e extraescolares en relación ao centro.
- Fomentar a sinalización en galego dos diferentes recintos.
- Amosar a toda a comunidade educativa elementos caracterizadores da cultura galega.
- Fomentar e contribuír á creación e a difusión de documentos e escritos en lingua galega.
- Mostrar a idoneidade do noso idioma para calquera uso, superando progresivamente esquemas diglósicos, e facendo da lingua galega o vehículo natural e cotián de comunicación.

5. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Nas actividades programadas ou previstas por este Equipo, podemos diferenciar dous tipos fundamentais: aquelas centradas no propio funcionamento do EDLG e nas súas funcións mais específicas e aquelas outras que podemos denominar de dinamización sociolingüística.

5.1. INTERNAS

- Análise do estado sociolingüístico actual do centro, por medio de enquisas e análises dos resultados destas. A última enquisa está demasiado afastada no tempo, polo que se deseñará e se realizará unha nova, que se pasará por medio de titores e titoras e que serán o novo punto de partida para o traballo do equipo.
- Inventario de recursos cos que conta o EDLG, tanto humanos como materiais.
- Asesoramento lingüístico e recomendación de recursos a todos aqueles departamentos e membros da comunidade que o necesiten. Ofrecemos a nosa colaboración para a elaboración de modelos de documentación recorrentes (informes, autorizacións, notas informativas, boletíns, as propias normas de organización, funcionamento e convivencia, documentación para a acción tutorial, información ás familias, etc.)
- Compra de distinto material bibliográfico, lingüístico e sociolingüístico de interese para a dotación do equipo.
- Mantemento dun apartado específico para o Equipo Dinamización Lingüística dentro da páxina web do Instituto a través do blog, que xa ten certo percorrido.
- Manterse en contacto co Concello, cos centros educativos da comarca e coas asociacións culturais da zona, para colaborar en actividades e compartir experiencias. No noso caso será fundamental a relación cos centros de referencia, tanto de entrada coma de saída, coa ANPA, coa concellería de Educación, coas diferentes asociacións, das que moitos alumnos e alumnas son membros activos (Malante, Carcaxía, Raigañas...) e tamén con outras entidades da zona que realizan accións para a promoción da lingua e da cultura, nomeadamente a Fundación Eduardo Pondal, coa asociación cultural “Monte Branco” do Couto; o Concello de Carballo (que organiza e promove diferentes actividades na Semana do Teatro, Interplayfest, etc.) e colaboración con propostas a nivel xeral (por parte da Consellería de Educación, dos servizos de normalización, etc.).

5.2. DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

- Mantemento do blog “Palabras na area” que sirva para expoñer as novas e avisos do EDLG, pero tamén como medio de expresión de calquera que queira deixar publicamente reflectidas as súas ideas sobre a lingua.
- Actividades de intervención nos espazos do centro, coa intención de converter todo o instituto nun gran libro interactivo no que a literatura, a arte e a lingua galega sexan os protagonistas. Tentarase con estas intervencións chamar a atención sobre os textos, fundamentalmente pola orixinalidade na forma de presentalos nos espazos comúns e, unha vez conseguido o obxectivo, que lectores e lectoras poidan reflexionar sobre os contidos que presentan, xa sexan puramente artísticos ou teñan un contido máis crítico.
- Seguir o ronsel xa marcado por iniciativas con éxito que se promoveron tanto desde o centro, como por parte de profesores, profesoras e alumnado do centro, a nivel institucional ou persoal (premio youtubeiros, talasotoponimia...), tratar de que o percorrido de actividades que foron orgullo nun determinado momento non se eslúa.
- Propostas de xogos de pistas, buscas do tesouro ou efemérides e, en xeral, calquera actividade que fomente a participación do alumnado valorizando o uso lúdico da lingua.
- Promoción de premios de creación cultural de distinto tipo e en función da celebración de distintas conmemoracións culturais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, concursos literarios, de bos desexos, de tarxetas postais, de conxuros e calquera outro que o alumnado propoña e que resulten accesibles a todos e todas, pois existe certa tendencia a infravalorarse e a pensar na súa incapacidade para a creación literaria. Tratarase de colaborar con propostas de diferentes departamentos que queiran colaborar (divulgación de científicas ou inventoras galegas, promoción de vida saudable, biografías, banda deseñada...).
- Proxección de material audiovisual creado en Galicia e en lingua galega, nomeadamente tratarase de divulgar material que poida resultar de interese para o alumnado (listas de reprodución de música, curtas, pequenas pezas documentais, etc.) que demostre que a lingua está viva tamén nos soportes máis actuais e que os produtos transmedia tamén poden usar como lingua vehicular o galego.
- Promoveremos actividades extraescolares en colaboración con outros departamentos e institucións que promoven e guían, como por exemplo parte da Ruta dos Faros, que percorre o propio concello, o Roteiro Pondaliano, o Roteiro polos fornos tradicionais de olería, Ruta dos muíños de ribeira, etc.

- Actividades sobre as distintas celebracións tradicionais: o Samaín, o Magosto, o Nadal, día da Paz, o Entroido, o día do Amor, Semana das Letras, Semana do Teatro, Día das Letras Galegas e calquera outra efeméride en que xurda a ocasión de participar.

- ❖ No **Samaín e Magosto** (7 de novembro) farase unha ruada con diferentes instrumentos tradicionais, un magosto popular e propoñerase unha recolleita de versos, conxuros, relatos, etc. No **Nadal**, abrirase o intercambio de tarxetas postais de bos desexos, durante o **Entroido** promoverase, entre outras actividades, un concurso de sobremesas ou pratos típicos (pois este curso moito alumnado provén de fóra) e a recuperación dos entroidos tradicionais da zona cunha exposición (madamitos e gardineros); na **Semana Cultural** contribuiremos coa divulgación da obra literaria e cultural de escritores e escritoras actuais a través de diferentes accións, Asistirase ao **Interplayfest** e promoverase tamén a asistencia a algunha peza de teatro na semana do teatro do concello. Establecerase comunicación para que se leve a cabo algunha función escolar en horario de mañá á que poidamos asistir. Participaremos no Tíralle da lingua e, se existe a posibilidade de desprazamento, tamén no Correlingua na cidade da Coruña, que é a que nos é de referencia.

- ❖ Este curso, ademais, retomaremos a actividade de **intercambio** escolar de cartas e tarxetas (que estamos deseñando para que inclúa tamén comunicación online a través de blogs, videochats, etc.) e que rematará cun encontro entre rapaces e rapazas. Este intercambio realizáremolo entre o alumnado de 2ºESO co **IES da Estrada**, quen nos visitará contra o final do curso para participar nunha xornada lúdica e de espaxamento e na que serviremos de guías turísticos da zona ou seremos nós o grupo acollido na súa zona, para o que se elaborará o material correspondente.

- ❖ Durante todo o curso promoveremos a actividade de acollemento **Neo busca Paleo**, no que xuntaremos alumnado galegofalante que lle bote unha man a un igual que acaba de chegar ao país e que ten dificultade coa lingua por non ser a súa lingua materna. Deste xeito, promoveremos positivamente non só a integración, senón tamén que se creen vínculos entre o novo alumnado que chega e o noso alumnado (que xa é un grupo cohesionado desde a Primaria, pois é un IES moi pequeno e no que apenas hai movemento de alumnado).

6. AVALIACIÓN

A finais do curso 22/23 valoraranse de forma crítica as actividades realizadas, segundo os resultados fosen acadados ou non (o que determinara a súa continuación en anos posteriores, ou a súa modificación ou eliminación no caso de non ter éxito). Este ano preténdese unha pequena viraxe de acordo co plan que aquí presentamos, que consiste en deixar un pouco o lado máis festeiro en que sempre se participaba activamente (pois é unha realidade que non é tan necesaria no noso contexto) e incidir máis en tratar de mellorar toda a vida administrativa, formal e de intercambio social en contextos menos cómodos para o noso alumnado. Valorarase se iso se puido levar a cabo e se os programas que intentaremos ir implementando poden ter unha traxectoria a longo prazo.

Tamén se valorará o traballo do EDLG en canto o número de membros, a metodoloxía utilizada e a distribución de traballo entre os membros.

Igualmente, cumprirá unha avaliación final do grao de integración e cooperación dos distintos membros, departamentos ou estamentos da comunidade educativa no programa do EDLG, para establecer as medidas correctoras que melloren estes aspectos de cara a conseguir unha estabilización da actividade dinamizadora e normalizadora da lingua.

7. PLAN LECTOR

O EDLG deste centro colaborará activamente no desenvolvemento das actividades promovidas en torno o Plan Lector do centro, pois se como dixemos, un dos obxectivos básicos deste EDLG é o de presentar a lingua galega como válida para a cultura e a expresión comunicativa noutros ámbitos fóra do estritamente coloquial, a promoción da lectura e do valor literario da nosa lingua convértense en fitos fundamentais do noso programa.

Por tanto, o EDLG contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos do Plan Lector do Curso:

- Estimular o hábito da lectura
- Descubrir no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o gusto e pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Favorecer a relación íntima e persoal do alumno co libro.
- Alentar o crecemento lector nos alumnos de forma continuada.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas ou experiencias programadas para potenciar o hábito lector nos alumnos.

Así, dentro das actividades e medidas programadas neste Plan Lector, o EDLG apoiará e colaborará coas seguintes:

- Actividades relacionadas coa lectura e coa escrita, a través de obradoiros (de *lettering*, de creación literaria clásica, de escrita creativa, de detección de *fake news*, de creación de fanzines, etc.)
- Programa de renovación e compra de lecturas anuais que poidan resultar do interese da rapazada.

8. PRESENZA DAS TIC

O EDLG colaborará co plan dixital do noso centro, participando coa difusión do material nas RRSS (blog), na páxina do IES, velando polo uso do galego como idioma vehicular no formato das páxinas dos distintos departamentos e con todas aquelas tarefas que requiran a nosa colaboración. O blog propio do EDLG servirá para coordinar a acción do Equipo, mostrar as novidades e progresos no eido que nos ocupa, e crear un punto de encontro e foro de opinión para os distintos estamentos educativos e persoas particulares que desexen participar nel.

Por outra banda, en parte das actividades programadas será fundamental o uso, manexo ou presenza das TIC dalgún xeito directo ou indirecto.

Os obxectivos xerais partirán sempre da base do uso do galego como lingua vehicular:

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e o seu uso nas tarefas burocráticas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, adaptacións curriculares, informes de titoría...
- Facilitar o acceso a estas ferramenta por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Conseguir unha alfabetización dixital con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da información.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: blog, actividades culturais, etc.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas... a partir de modelos pequenos tipos de realización de documentación e tarefas (como facer un vídeo, un resumo, un esquema, como presentar un traballo escrito, como facer unha boa presentación, un podcast, un vídeo...)
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración.

- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar a información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas e tamén como medio dinámico de comunicación cos seus iguais pero tamén entre xeracións.

Malpica de Bergantiños, 17 de outubro de 2022

A Coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística